**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 15 DE XULLO DE 2013**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:40 horas do día 15 de xullo de 2013, baixo a presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiron as concelleiras: dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F.: P-1503600-G

**1. <u>Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión</u>**

Toma a palabra o alcalde para xustificar a urxenza da sesión no feito de que a publicación do RDLei 8/2013 publicado no BOE de 29.6.2013 obriga a que se non se abonan as facturas pendentes a 31 de maio haberá que acudir ás medidas de pago a proveedores fixadas no mesmo, as cales non considera procedentes tendo recursos propios.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo do PP e 5 do grupo socialista), con 4 abstencións (3 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).**

**2. <u>Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario 1/2013</u>**

Consta no expediente providencia da alcaldía, memoria xustificativa, informe favorable da intervención de 11.7.2013 sobre o expediente de crédito extraordinario, informe da intervención sobre avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de endebedamento no expediente de crédito extraordinario 1/2013 de 11.7.2013, certificado da intervención e a seguinte proposta da alcaldía:
"**PROPOSTA DA ALCALDIA**

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 1/2013, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.
Na memoria adxunta ó expediente,expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.
Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

FENE
CONCELLO
www.fenecidadan.net

1º. Aprobar o expediente nº 01/2013 de Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 206444.08 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concurrir no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.
O detalle é o seguinte :
Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

| APLIC. ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| 132/22190 | Seguridade e orde pública. REC | 335.56 |
| 132/22790 | Seguridade e orde público. REC | 54.29 |
| 134/22190 | Protección civil. REC | 149.71 |
| 135/22190 | Extinción incendios. REC | 251.01 |
| 155/21090 | Vías públicas. REC | 11993.52 |
| 162/22190 | REcollida e tratam residuos. REC | 2295.53 |
| 162/22790 | REcollida e tratam residuos. REC | 8803.37 |
| 164/21090 | Cemiterios. REC | 375 |
| 164/22190 | Cemiterios. REC | 118.89 |
| 164/22790 | Cemiterios. REC | 325.05 |
| 165/22190 | Alumeado público. REC | 56697.29 |
| 171/22190 | Parques e xardíns. REc | 64.64 |
| 221/16090 | Prestacións a empregados. REc | 3967.07 |
| 231/21290 | Acción social. REC | 291.61 |
| 231/21390 | Acción social. REC | 213.04 |
| 231/22190 | Acción social. REC | 386.97 |
| 231/22790 | Acción social. REC | 1064.80 |
| 241/22190 | Promoción do emprego REC | 7649.50 |
| 312/22190 | Centros de saúde REC | 4177.84 |
| 313/22790 | Accións públicas relativas á saúde. REC | 1253.56 |
| 323/21390 | Escolas. REC | 1104.88 |
| 323/22190 | Escolas. REC | 19545.21 |
| 323/22790 | Escolas. REC | 6228.81 |
| 334/22090 | Promoción cultural. REC | 208 |
| 334/22190 | Promoción cultural. REC | 4534.82 |
| 334/22690 | Promoción cultural. REC | 1200 |
| 334/22790 | Promoción cultural. REC | 4995.17 |
| 341/22690 | Promoción e fomento do deporte. REC | 144.04 |
| 341/22790 | Promoción e fomento do deporte. REC | 20402.63 |
| 341/21390 | Promoción e fomento do deporte. REC | 580.26 |
| 342/22190 | Instalacións deportivas. REC | 19972.20 |
| 342/22790 | Instalacións deportivas. REC | 2843.50 |
| 432/22790 | Promoción turística. REC | 494.89 |
| 453/20390 | Estradas. REC | 1799.31 |
| 453/21090 | Estradas. REC | 932.56 |
| 453/21390 | Estradas. REC | 346.82 |

C.I.F.: P-1503600-G

| | | |
|---|---|---|
| 453/21490 | Estradas. REC | 397.85 |
| 453/22190 | Estradas. REC | 1904.50 |
| 453/22790 | Estradas. REC | 1786.40 |
| 912/22690 | Organos de goberno. REC | 135.95 |
| 920/21390 | Admon. Xeral. REC | 705.46 |
| 920/22090 | Admon. Xeral. REC | 254.44 |
| 920/22190 | Admon. Xeral. REC | 9435.62 |
| 920/22290 | Admon. Xeral. REC | 3765.51 |
| 920/22690 | Admon. Xeral. REC | 33 |
| 920/22790 | Admon. Xeral. REC | 2224.00 |

2º.- Financia-lo expediente nº 1/2013 de crédito extraordinario con baixas por anulación de créditos por importe total de 206444,08 Euros, sendo as partidas afectadas as seguintes:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | DISMINUCION | CREDITO DEFINITIVO |
|---|---|---|---|---|
| CODIGO | DENOMINACION | | | |
| 132/22100 | Seguridade e orde pública. Suministros enerxía eléctrica | 2500 | 12.43 | 2487.57 |
| 132/22103 | Seguridade e orde pública. Suministro combustible | 5000 | 323.13+149.71= 472.84 | 4527.16 |
| 132/22104 | Seguridade e orde público. VEstiario | 6000 | 54.29 | 5945.71 |
| 135/21400 | Extinción incendios.Reparac. vehículos | 1500 | 251.01 | 1248.99 |
| 163/22700 | Limpeza viaria. Servizos | 87000 | 11993.52 | 75006.48 |
| 162/22103 | REcollida e eliminac. Residuos. Suministro combustible | 18000 | 2295.53 | 15704.47 |
| 151/22706 | Urbanismo. Estudios e traballos técnicos | 25000 | 8803.37 | 16196.63 |
| 164/21000 | Cemiterios. Infraestructura | 3000 | 375.00 | 2625 |
| 164/22103 | Cemiterios. Suministro combustible | 1000 | 118.89 | 881.11 |
| 164/22111 | Cemiterio. Suministros repostos | 2500 | 325.05 | 2174.95 |
| 165/22100 | Alumeado público. Suministro enerxía | 180000 | 56697.29 | 123302.71 |
| 171/22103 | Parques e xardíns. Suminstro combustible | 1000 | 64.64 | 935.36 |
| 221/16008 | Prestacións a empregados públicos. Servcios recoñecementos médicos | 12000 | 3967.07 | 8032.93 |
| 231/21200 | Acción social. Mantemento edificios | 4500 | 291.61 | 4208.39 |
| 231/21300 | Acción social. Mantemento maquinaria e utillaxe | 2000 | 213.04 | 1786.96 |
| 231/22002 | Acción social. Mat. Informat. | 1000 | 226.83 | 773.17 |
| 231/22102 | Acción social, Suministro gas | 2000 | 160.14 | 1839.86 |
| 231/22799 | Acción social. Serv. Externos | 24430 | 8525.88 | 15904.12 |
| 241/22103 | Acción social. Combustible | 1500 | 188.42 | 1311.58 |

C.I.F.: P-1503600-G

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 312/22100 | Centros de saúde. Sumin. Enerxía | 10000 | 2427.19 | 7572.81 |
| 312/22102 | Centros de saúde. Suministro gas | 10000 | 1750.65 | 8249.35 |
| 313/22602 | Accións púb. Relativas á saúde. Publicidade | 1600 | 1253.56 | 346.44 |
| 323/21300 | Accións púb. Relativas á saúde. Mantemento maquinaria, utillaxe | 5000 | 1104.88 | 3895.12 |
| 323/22100 | Promoción educativa. Suministro enerxía eléctrica | 40000 | 10801.89 | 29198.11 |
| 334/48000 | Promoción cultural. Premios | 12000 | 11257.75 | 742.27 |
| 323/22700 | Promoción educativa. Serv. Limpeza | 30000 | 6228.81 | 23771.19 |
| 334/22001 | Promoción cultural. Prensa, revistas… | 2000 | 208.000 | 1792 |
| 334/22100 | Promoción cultural. Sumin. Enerxía | 13000 | 2020.39 | 10007.92 |
| 334/22698 | Promoción cultural. Blanco amor | 11570 | 1200.00 | 10370 |
| 334/22799 | Promoción cultural. Servizos | 92800 | 4995.17 | 87804.43 |
| 341/22699 | Promoción cultural. Outros gastos | 1500 | 144.04 | 1355.96 |
| 341/22799 | Promoción e fomento deporte. Servizos | 215000 | 20402.63 | 194597.37 |
| 342/21300 | Promoción e fomento deporte. Mantemento maquinaria… | 6000 | 580.26 | 5419.74 |
| 342/22100 | Promocion e fomento deporte. Suministro enerxía | 35000 | 12233.39 | 22766.61 |
| 342/22102 | Promoción e fomento deporte. Suministro gas | 47000 | 7738.81 | 39261.19 |
| 342/22700 | Instalacións deportivas. Limpeza | 242000 | 2843.5 | 239156.50 |
| 432/22799 | Promoción turística. Servizos | 23479.38 | 494.89 | 22984.49 |
| 453/20300 | Estradas. Alugueres | 5000 | 1799.31 | 3200.69 |
| 453/21400 | Estradas. Mantemento vehículos | 18500 | 1677.23 | 16822.77 |
| 453/22103 | Estradas. Suministro combustible | 18000 | 3690.9 | 14309.10 |
| 912/22601 | Organos Goberno. Atencións protocol. | 3000 | 135.95 | 2864.05 |
| 920/21300 | Admón xeral. Mantemento maquinaria, instalac. | 9500 | 705.46 | 8794.54 |
| 920/22000 | Admón xeral. Material oficina | 11000 | 254.44 | 10745.56 |
| 920/22200 | Admón xeral. Teléfono | 48000 | 13201.13 | 34798.87 |
| 920/22604 | Admón xeral. Gastos xurídicos, contenciosos | 20000 | 33 | 19967 |
| 920/22706 | Admón xeral. Estudios e traballos técnicos | 21300 | 2224.00 | 19076 |

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado,unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación,

C.I.F.: P-1503600-G

C.I.F.: P-1503600-G

entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 11 de xullo de 2013.
O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal."

Comeza o turno de intervencións por parte do grupo do PP o concelleiro delegado de facenda, don Juan José Franco Casal, que di que con este acordo búscase por a débeda comercial cos proveedores a cero, evitando un endebedamento que prexudicaría aos intereses municipais co pago de xuros. Remata dicindo que se propón a aprobación deste crédito extraordinario para pagar as facturas sen financiación.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención do seu grupo porque inda que por riba de todo queren que os proveedores cobren polos servizos prestados e que sexa o máis axiña posible, abstéñense porque lles gustaría que o expediente fora tramitado con máis previsión, que fora á súa comisión e que foran xustificados os gastos feitos á marxe das partidas. En definitiva, remata, gustaríalles que o expediente e as facturas puideran ser observados polo miúdo.

De seguido, intervén o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que a urxencia deste pleno non vén determinada por unha cuestión municipal senón que provén dunha nova improvisación do goberno central que a traslada aos concellos a través dunha nova vulneración da autonomía local, pretendendo resolver o problema da débeda aos proveedores centrando o foco en que os grandes debedores son os concellos, cando o 76.7 % da débeda pública do Estado español é do goberno central, o 59,2 % da débeda pública das empresas son das estatais, débeda que é a que ten contra as cordas a empresas auxiliares como a de Navantia.
Engade que na débeda municipal a vila de Madrid ten o 17% da débeda de todos os concellos e, falando da débeda privada, é a débeda da construción a débeda a proveedores a que cruxe aos autónomos e empresas, estando estes debedores case ubicados na capital do Estado.
En canto á débeda bancaria, dos 39 mil millóns de euros de rescate á banca, 18 mil millóns foron para Bankia con sede en Madrid e, prosegue dicindo, que podería seguirse falando da fraude fiscal das grandes fortunas radicadas na capital do reino e da débeda coas eléctricas que pagamos entre todos con empresas radicadas na capital do Estado, como Red Eléctrica Española (unha empresa ademais de titularidade pública con dirección perfectamente politizada) e que do único que se encargan é de recordarnos a todos e todas, independentemente de que produzamos enerxía eléctrica ou non, que lles debemos diñeiro porque no ano 2002 Rodrigo Rato, Montoro, Gallardón e compañía adicáronse a liberalizar o sector para única e exclusivamente situarse nel como carrachas do sistema.
Remata dicindo que a solución non está nos concellos e menos no de Fene e que o que necesitamos como galegos e galegas é soberanía, autonomía enerxética, produtiva e lexislativa.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 9 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1º. Aprobar o expediente nº 01/2013 de Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 206444.08 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concurrir no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.**
**O detalle é o seguinte :**
**Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:**

| APLIC. ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| 132/22190 | Seguridade e orde pública. REC | 335.56 |
| 132/22790 | Seguridade e orde público. REC | 54.29 |
| 134/22190 | Protección civil. REC | 149.71 |

| | | |
|---|---|---|
| 135/22190 | Extinción incendios. REC | 251.01 |
| 155/21090 | Vías públicas. REC | 11993.52 |
| 162/22190 | REcollida e tratam residuos. REC | 2295.53 |
| 162/22790 | REcollida e tratam residuos. REC | 8803.37 |
| 164/21090 | Cemiterios. REC | 375 |
| 164/22190 | Cemiterios. REC | 118.89 |
| 164/22790 | Cemiterios. REC | 325.05 |
| 165/22190 | Alumeado público. REC | 56697.29 |
| 171/22190 | Parques e xardíns. REc | 64.64 |
| 221/16090 | Prestacións a empregados. REc | 3967.07 |
| 231/21290 | Acción social. REC | 291.61 |
| 231/21390 | Acción social. REC | 213.04 |
| 231/22190 | Acción social. REC | 386.97 |
| 231/22790 | Acción social. REC | 1064.80 |
| 241/22190 | Promoción do emprego REC | 7649.50 |
| 312/22190 | Centros de saúde REC | 4177.84 |
| 313/22790 | Accións públicas relativas á saúde. REC | 1253.56 |
| 323/21390 | Escolas. REC | 1104.88 |
| 323/22190 | Escolas. REC | 19545.21 |
| 323/22790 | Escolas. REC | 6228.81 |
| 334/22090 | Promoción cultural. REC | 208 |
| 334/22190 | Promoción cultural. REC | 4534.82 |
| 334/22690 | Promoción cultural. REC | 1200 |
| 334/22790 | Promoción cultural. REC | 4995.17 |
| 341/22690 | Promoción e fomento do deporte. REC | 144.04 |
| 341/22790 | Promoción e fomento do deporte. REC | 20402.63 |
| 341/21390 | Promoción e fomento do deporte. REC | 580.26 |
| 342/22190 | Instalacións deportivas. REC | 19972.20 |
| 342/22790 | Instalacións deportivas. REC | 2843.50 |
| 432/22790 | Promoción turística. REC | 494.89 |
| 453/20390 | Estradas. REC | 1799.31 |
| 453/21090 | Estradas. REC | 932.56 |
| 453/21390 | Estradas. REC | 346.82 |
| 453/21490 | Estradas. REC | 397.85 |
| 453/22190 | Estradas. REC | 1904.50 |
| 453/22790 | Estradas. REC | 1786.40 |
| 912/22690 | Organos de goberno. REC | 135.95 |
| 920/21390 | Admon. Xeral. REC | 705.46 |
| 920/22090 | Admon. Xeral. REC | 254.44 |
| 920/22190 | Admon. Xeral. REC | 9435.62 |
| 920/22290 | Admon. Xeral. REC | 3765.51 |
| 920/22690 | Admon. Xeral. REC | 33 |

C.I.F.: P-1503600-G

| | | |
|---|---|---|
| **920/22790** | **Admon. Xeral. REC** | **2224.00** |

**2º.- Financia-lo expediente nº 1/2013 de crédito extraordinario con baixas por anulación de créditos por importe total de 206444,08 Euros, sendo as partidas afectadas as seguintes:**

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | DISMINUCION | CREDITO DEFINITIVO |
|---|---|---|---|---|
| CODIGO | DENOMINACION | | | |
| 132/22100 | Seguridade e orde pública. Suministros enerxía eléctrica | 2500 | 12.43 | 2487.57 |
| 132/22103 | Seguridade e orde pública. Suministro combustible | 5000 | 323.13+149.71 =472.84 | 4527.16 |
| 132/22104 | Seguridade e orde público. VEstiario | 6000 | 54.29 | 5945.71 |
| 135/21400 | Extinción incendios.Reparac. vehículos | 1500 | 251.01 | 1248.99 |
| 163/22700 | Limpeza viaria. Servizos | 87000 | 11993.52 | 75006.48 |
| 162/22103 | REcollida e eliminac. Residuos. Suministro combustible | 18000 | 2295.53 | 15704.47 |
| 151/22706 | Urbanismo. Estudios e traballos técnicos | 25000 | 8803.37 | 16196.63 |
| 164/21000 | Cemiterios. Infraestructura | 3000 | 375.00 | 2625 |
| 164/22103 | Cemiterios. Suministro combustible | 1000 | 118.89 | 881.11 |
| 164/22111 | Cemiterio. Suministros repostos | 2500 | 325.05 | 2174.95 |
| 165/22100 | Alumeado público. Suministro enerxía | 180000 | 56697.29 | 123302.71 |
| 171/22103 | Parques e xardíns. Suminstro combustible | 1000 | 64.64 | 935.36 |
| 221/16008 | Prestacións a empregados públicos. Servcios recoñecementos médicos | 12000 | 3967.07 | 8032.93 |
| 231/21200 | Acción social. Mantemento edificios | 4500 | 291.61 | 4208.39 |
| 231/21300 | Acción social. Mantemento maquinaria e utillaxe | 2000 | 213.04 | 1786.96 |
| 231/22002 | Acción social. Mat. Informat. | 1000 | 226.83 | 773.17 |
| 231/22102 | Acción social, Suministro gas | 2000 | 160.14 | 1839.86 |
| 231/22799 | Acción social. Serv. Externos | 24430 | 8525.88 | 15904.12 |
| 241/22103 | Acción social. Combustible | 1500 | 188.42 | 1311.58 |
| 312/22100 | Centros de saúde. Sumin. Enerxía | 10000 | 2427.19 | 7572.81 |
| 312/22102 | Centros de saúde. Suministro gas | 10000 | 1750.65 | 8249.35 |
| 313/22602 | Accións púb. Relativas á saúde. Publicidade | 1600 | 1253.56 | 346.44 |
| 323/21300 | Accións púb. Relativas á saúde. Mantemento | 5000 | 1104.88 | 3895.12 |

C.I.F.: P-1503600-G

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | maquinaria, utillaxe | | | |
| 323/22100 | Promoción educativa. Suministro enerxía eléctrica | 40000 | 10801.89 | 29198.11 |
| 334/48000 | Promocion cultural. Premios | 12000 | 11257.75 | 742.27 |
| 323/22700 | Promoción educativa. Serv. Limpeza | 30000 | 6228.81 | 23771.19 |
| 334/22001 | Promoción cultural. Prensa, revistas... | 2000 | 208.000 | 1792 |
| 334/22100 | Promoción cultural. Sumin. Enerxía | 13000 | 2020.39 | 10007.92 |
| 334/22698 | Promoción cultural. Blanco amor | 11570 | 1200.00 | 10370 |
| 334/22799 | Promoción cultural. Servizos | 92800 | 4995.17 | 87804.43 |
| 341/22699 | Promoción cultural. Outros gastos | 1500 | 144.04 | 1355.96 |
| 341/22799 | Promoción e fomento deporte. Servizos | 215000 | 20402.63 | 194597.37 |
| 342/21300 | Promoción e fomento deporte. Mantemento maquinaria... | 6000 | 580.26 | 5419.74 |
| 342/22100 | Promocion e fomento deporte. Suministro enerxía | 35000 | 12233.39 | 22766.61 |
| 342/22102 | Promoción e fomento deporte. Suministro gas | 47000 | 7738.81 | 39261.19 |
| 342/22700 | Instalacións deportivas. Limpeza | 242000 | 2843.5 | 239156.50 |
| 432/22799 | Promoción turística. Servizos | 23479.38 | 494.89 | 22984.49 |
| 453/20300 | Estradas. Alugueres | 5000 | 1799.31 | 3200.69 |
| 453/21400 | Estradas. Mantemento vehículos | 18500 | 1677.23 | 16822.77 |
| 453/22103 | Estradas. Suministro combustible | 18000 | 3690.9 | 14309.10 |
| 912/22601 | Organos Goberno. Atencións protocol. | 3000 | 135.95 | 2864.05 |
| 920/21300 | Admón xeral. Mantemento maquinaria, instalac. | 9500 | 705.46 | 8794.54 |
| 920/22000 | Admón xeral. Material oficina | 11000 | 254.44 | 10745.56 |
| 920/22200 | Admón xeral. Teléfono | 48000 | 13201.13 | 34798.87 |
| 920/22604 | Admón xeral. Gastos xurídicos, contenciosos | 20000 | 33 | 19967 |
| 920/22706 | Admón xeral. Estudios e traballos técnicos | 21300 | 2224.00 | 19076 |

**3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.**

**4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado,unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.**

C.I.F.: P-1503600-G

**3. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2013**

Consta no expediente providencia da alcaldía, informe da concellaría de facenda, informe da intervención e a seguinte proposta da alcaldía:

**"PROPOSTA DA ALCALDIA**
**ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 4/2013 .**

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 11 de xullo de 2013 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade e urxencia do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización dos expedientes de recoñecemento extraxudicial nº 4/2013 e 5/2013 por un importe total de 206338.28 € e que transcrito di:

*"DE INTERVENCION*
*O CONCELLO PLENO*
**INFORME DE INTERVENCIÓN**
ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Concello-Pleno nº 4/2013 e 5/2013.

***LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA***
-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.
-(RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
-(LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
-(TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
-*Real Decreto 1619/2012* que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
-Bases de execución do orzamento do exercicio 2012, prorrogado ó 2013.
-Real Decreto Ley 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administración públicas e de apoio ás entidades locales con problemas financieiros.

***ANTECEDENTES***
Con data de 11 de xullo, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxeto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluidas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. Na proposta asinada pola Alcaldía, proponse o seu pagamento pola Tesourería antes do día 19 de xuño. O importe total ascende a 206444,08 €.
A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

**INFORME**
**Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios**: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

**Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria:** O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demáis prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Ainda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores,

previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

***Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos:*** *A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecimento inxusto", pola que*

"no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estos principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de *"recoñecemento extraxudicial de crédito"* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecimento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a sustituir ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Cuentas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gatos sin a suficiente consignación orzamentaria, **debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.**

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recurrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

*"….tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para casa caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"*

**Cuarto**.-**Enriquecemento inxusto da Adminsistración:** A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecimento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doctrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servicio debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obteria unha ventaxa patrimonial ( servicio executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxuicio económico para o concello.

**Quinto.- Competencia**: A base 31ª de BE/12, prorrogado, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que "*1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente*

*nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxeto de recoñecemento extraxucial".*

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter simultáneo á tramitación do presente expediente expediente modificativos de crédito co fin de habilitar crédito para este fin , polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o pleno** de conformidade co previsto nas BEO/12 . Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O **recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno** esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a **explicitación** circunstanciada de todos os **condicionamentos que orixinaron a actuación**, **motivando a necesidade** de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) **Existencia de dotación orzamentaria específica**, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo ALcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
- Data ou período de realización.
- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do ALcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

**Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria:** Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC , no seu caso."

En base ó anterior, esta Intervención considera que con carácter simultáneo a este expediente deberá aprobarse o expediente de crédito extraordinario ante a inexistencia de aplicacións orzamentarias específicas no orzamento. En todo caso, cómpre reproducir aquí as consideracións manifestadas por esta Intervención no informe ó expediente de crédito extraordinario nº 1/2013

*"(...)6.Proponse que o crédito extraordinario se financie con baixas por anulación de créditos, de conformidade co previsto no artigo 36.1 c) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.*

*O artigo 36.1 c) permite financiar expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito con baixas doutras partidas do orzamento que non se atopen comprometidas e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servicio.*

*Considerando que neste momento se atopa prorrogado o orzamento do exercicio 2012, orzamento*

C.I.F.: P-1503600-G

C.I.F.: P-1503600-G

*cuxa prórroga en gastos se realizou por un importe de 9.016.355,89 €, polo que os créditos no prorrogables importaron 827.702,31€ dos cales 554.865,45 euros se correspondía con gastos que foron obxeto de recoñecemento extraxudicial de créditos nese exercicio.*
*Este feito, a non posibilidade legal de efectuar a prórroga destos créditos consignados no orzamento de 2012 destinados a financiar recoñecementos extraxudiciales de crédito , supón unha importante limitación dende o punto de vista orzamentario de cara a poder financiar gastos desta natureza no orzamento prorrogado ó 2013. Cuestión esta que sumada ó feito de que o orzamento do exercicio 2012 non contemplaba o incremento derivado do IVE para todo o exercicio orzamentario, implica que a día non poida falarse de suficiencia dos créditos orzamentarios do orzamento prorrogado do 2012 para facer fronte ás obrigas asumidas pola corporación no presente exercicio orzamentario. Polo tanto, a priori, non pode afirmarse que as baixas por anulación nas partidas que financian esta modificación non se atopen comprometidas ou a súa reducción se estime factible sen perturbación do respectivo servicio.*
*Non obstante o anterior, esta Intervención, como xa manifestou verbalmente á Alcaldía, ten dúbidas sobre o ámbito de aplicación obxetivo do RD Lei 8/2012, esto é, sobre as obrigas que deberían ser ou non incluidas na relación certificada a que fai referencia o artigo 16.1 RD Lei 8/2013, e todo elo, porque a exposición de motivos da norma fala expresamente de "poner el contador de la deuda comercial a cero" e, por outra banda, o artigo 15 desa norma a xuizo da que suscribe ten unha imprecisión xurídica , cuestión, que a xuizo desta informante, non se atopa resolta polas consultas publicadas polo Ministerio na web da Oficina Virtual das Entidades Locales.*
*Conxugando o anterior, a motivación da exposición de motivos e a imprecisión xurídica-normativa do artigo 15 , esta Intervención, en aplicación do principio de prudencia, considera que as facturas que a día de hoxe se atopan pendentes de recoñecemento extraxudicial de crédito sí deberían incluirse na relación certificada da Intervención a que se refire o artigo 16.1 RD Lei 8/2013. O importe destas obrigas vencidas, líquidas e esixibles que tiveron entrada no concello antes do 31/05/2013 importan 206.444, 08 € correspondentes todas elas a gastos comprometidas de exercicios anteriores, gastos que ademáis e de conformidade co disposto no artigo 187 TRLRFL teñen carácter de pagos prioritarios.*
*Ademais, neste momento debe de terse en conta a previsión contida no Anteproxecto de Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público pola cal se modifica a Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, todo elo segundo nota informativa publicada na oficina virtual das entidades locales. Así a previsión que en dito anteproxecto se contén sobre a modificación do artigo 32 da LO 2/2012 é a seguinte:*
*No Art. 1, apartado 9 do Anteproxecto de LO de control de débeda comercial modifícase o artigo 32 da LO 2/2012, que quedaría redactado nos seguintes termos:*
*"Artículo 32. Destino del superávit presupuestario.*

1. *En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit, a destinar a la reducción de deuda.*
2. *En el caso de la Seguridad Social, el superávit se aplicará prioritariamente al Fondo de Reserva, con la finalidad de atender a las necesidades futuras del sistema.*
3. *A efectos de lo previsto en este artículo se entiende por superávit la capacidad de financiación según el sistema europeo de cuentas y por endeudamiento la deuda pública a efectos del procedimiento de déficit excesivo tal y como se define en la normativa europea"*

*Ademais, no artigo primeiro, apartado doce, do Anteproxecto de Lei Orgánica de control de débeda comercial no sector público, recóllese unha nova disposición adicional na LO 2/2012, de 27 de abril, que sería a sexta co seguinte texto:*
*"Disposición adicional sexta. Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario.*

1. *Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurran estas dos circunstancias:*
   *a)Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las haciendas locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.*
   *b) Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el erfectos de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.*
2. *En los años 2013 y 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:*
   *a)Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las*

*obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta "Acreedores por obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto", o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicacación.*

*b) en el caso de que, atendidas las obligaciones citadas en la letra a) anterior, el importe señalado en el apartado a) anterior se mantuviese con signo positivo y la Corporación Local optase a la aplicación de lo dispuesto en la letra c) siguiente, se deberá destinar, como mínimo, el porcentaje de este saldo para amortizar las operaciones de endeudamiento que estén vigentes que sea necesario para que la corporación local no incurra en déficit en términos de contabilidad nacional en cado uno de los citados años 2013 y 2014.*

*c) Si cumplido lo previsto en las letras a) y b) anteriores la Corporación Local tuviera un saldo positivo del importe señalado en el apartado a), éste se podrá destinar a financiar inversiones siempre que a lo largo de la vida útil de la inversión ésta sea financieramente sostenible. A estos efectos la ley determinará tanto los requisitos formales como los parámetros que permitan calificar una inversión como financieramentes sostenible.*

*En 2014, para aplicar lo previsto en el párrafo anterior, además será necesario que el periodo medio de pago a los proveedores de la Corporación Local, de acuerdo con los datos publicados, no supere el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad. (...)"*

*Polo tanto, para a aplicación tanto en 2013 como 2014 da medida contida na Disposición Adicional Sexta antes citada, as entidades locales deben de cumplir os seguintes requisitos:*

- *Non superar os límites de endebedamento fixados pola lexislación das facendas locais (art. 51 a 53 TRLRFL).*
- *Liquidar no exercicio inmediato anterior:*
  *-con capacidade de financiación en termos consolidados segundo criterios do SEC e, simultáneamente*
  *-con remanente de tesourería positivo para gastos xerais.*

*Ós efectos de aplicar os requisitos anteriores ó Concello de Fene e así poder concluir se neste exercicio 2013, podería empregarse o superávit nos termos previstos nesta disposición adicional , cómpre informar o seguinte:*

- *No ano 2013 non se superarían os límites de endebedamento fixados nos artigos 51 e 53 do RDL 2/2004.*
- *Da liquidación do exercicio 2012 resulta que:*
  - *A capacidade de financiación ( en termos SEC) é de 1232737,09 €, o que supón un % de superávit de financiación sobre os ingresos non financieiros axustados do 10,93 %.*
  - *O remanente de tesourería para gastos xerais é positivo en 232.654,63 euros.*

*Polo tanto, unha vez que entre en vigor a modificación do artigo 32 da LO 2/2012, deberase empregar o RTGX a financiar, en primeiro termo, os gastos comprometidos de exercicios anteriores que neste momento se están a financiar a través deste expediente.*

*Se con carácter previo á publicación do RDLei 8/2013 estivese xa vixente a modificación do artigo 32 LO 2/2012, o Concello de Fene debería aplicar o Remanente de Tesourería a financiar os gastos comprometidos de exercicios anteriores pendentes de aplicar ó orzamento, esto é, os gastos que son obxeto deste procedemento.*

*Considerando que esta circunstancia non concurre neste momento, así como a obrigatoriedade do RDLei 8/2013 ( coas observacións manifestadas por esta Intervención en relación co seu ámbito de aplicación obxetivo) e a existencia de liquidez suficiente para poder facer fronte a estas obrigas, pese a que formalmente non se daría cumprimento ó requisito do art. 36.1 c) RD500/1990, esta circunstancia parcialmente verase solventada polo feito de que unha vez entre en vigor a modificación do artigo 32 da LO 2/2013, e co fin de garantir o cumprimento da Disposición adicional sexta da citada norma, deberase a tramitar un novo expediente modificativo de crédito financiado co remanente liquido de tesourería para gastos xerais que "repoña crédito" nas aplicacións orzamentarias obxeto de baixa no presente expediente por un importe equivalente ó da presente modificación.*

*Non obstante o anterior, por parte da que suscribe, e sen perxuizo das consideracións realizadas anteriormente respecto á presente modificación,* ***estima IMPRESCINDIBLE A APROBACIÓN NO***

C.I.F.: P-1503600-G

***PRESENTE EXERCICIO DO ORZAMENTO CO FIN DE PODER GARANTIR DESTE XEITO A SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER TODAS AS OBRIGAS COMPROMETIDAS DA CORPORACIÓN****. Noutro caso, produciríanse unhas importantes e negativas consecuencias orzamentarias, todo elo sen perxuizo das responsabilidades que ,de todo orden, poideran derivarse de conformidade co disposto no TRLRFL.”*

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Cuentas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gatos sin a suficiente consignación orzamentaria, **debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.**

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recurrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

*"….tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para casa caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"*

**Cuarto**.-**Enriquecemento inxusto da Adminsistración:** A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecimento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doctrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servicio debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obteria unha ventaxa patrimonial ( servicio executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxuicio económico para o concello.

**Quinto.- Competencia**: A base 31ª de BE/12, prorrogado, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que "*1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas*

C.I.F.: P-1503600-G

*para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxeto de recoñecemento extraxucial".*

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter simultáneo á tramitación do presente expediente expediente modificativos de crédito co fin de habilitar crédito para este fin , polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o pleno**de conformidade co previsto nas BEO/12 . Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O **recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno** esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a **explicitación** circunstanciada de todos os **condicionamentos que orixinaron a actuación**, **motivando a necesidade** de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) **Existencia de dotación orzamentaria específica**, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo ALcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
- Data ou período de realización.
- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do ALcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

**Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria:** Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC , no seu caso."

En base ó anterior, esta Intervención considera que con carácter simultáneo a este expediente deberá aprobarse o expediente de crédito extraordinario ante a inexistencia de aplicacións orzamentarias específicas no orzamento. En todo caso, cómpre reproducir aquí as consideracións manifestadas por esta Intervención no informe ó expediente de crédito extraordinario nº 1/2013

*"(…)6.Proponse que o crédito extraordinario se financie con baixas por anulación de créditos, de conformidade co previsto no artigo 36.1 c) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.*

*O artigo 36.1 c) permite financiar expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito con baixas doutras partidas do orzamento que non se atopen comprometidas e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servicio.*

*Considerando que neste momento se atopa prorrogado o orzamento do exercicio 2012, orzamento cuxa prórroga en gastos se realizou por un importe de 9.016.355,89 €, polo que os créditos no prorrogables importaron 827.702,31€ dos cales 554.865,45 euros se correspondía con gastos que foron obxeto de recoñecemento extraxudicial de créditos nese exercicio.*

C.I.F.: P-1503600-G

*Este feito, a non posibilidade legal de efectuar a prórroga destos créditos consignados no orzamento de 2012 destinados a financiar recoñecementos extraxudiciales de crédito , supón unha importante limitación dende o punto de vista orzamentario de cara a poder financiar gastos desta natureza no orzamento prorrogado ó 2013. Cuestión esta que sumada ó feito de que o orzamento do exercicio 2012 non contemplaba o incremento derivado do IVE para todo o exercicio orzamentario, implica que a día non poida falarse de suficiencia dos créditos orzamentarios do orzamento prorrogado do 2012 para facer fronte ás obrigas asumidas pola corporación no presente exercicio orzamentario. Polo tanto, a priori, non pode afirmarse que as baixas por anulación nas partidas que financian esta modificación non se atopen comprometidas ou a súa reducción se estime factible sen perturbación do respectivo servicio.*
*Non obstante o anterior, esta Intervención, como xa manifestou verbalmente á Alcaldía, ten dúbidas sobre o ámbito de aplicación obxetivo do RD Lei 8/2012, esto é, sobre as obrigas que deberían ser ou non incluidas na relación certificada a que fai referencia o artigo 16.1 RD Lei 8/2013, e todo elo, porque a exposición de motivos da norma fala expresamente de "poner el contador de la deuda comercial a cero" e, por outra banda, o artigo 15 desa norma a xuizo da que suscribe ten unha imprecisión xurídica , cuestión, que a xuizo desta informante, non se atopa resolta polas consultas publicadas polo Ministerio na web da Oficina Virtual das Entidades Locales.*
*Conxugando o anterior, a motivación da exposición de motivos e a imprecisión xurídica-normativa do artigo 15 , esta Intervención, en aplicación do principio de prudencia, considera que as facturas que a día de hoxe se atopan pendentes de recoñecemento extraxudicial de crédito sí deberían incluirse na relación certificada da Intervención a que se refire o artigo 16.1 RD Lei 8/2013. O importe destas obrigas vencidas, líquidas e esixibles que tiveron entrada no concello antes do 31/05/2013 importan 206.444, 08 € correspondentes todas elas a gastos comprometidas de exercicios anteriores, gastos que ademáis e de conformidade co disposto no artigo 187 TRLRFL teñen carácter de pagos prioritarios.*
*Ademais, neste momento debe de terse en conta a previsión contida no Anteproxecto de Lei Orgánica de control da débeda comercial no sector público pola cal se modifica a Lei Orgánica de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, todo elo segundo nota informativa publicada na oficina virtual das entidades locales. Así a previsión que en dito anteproxecto se contén sobre a modificación do artigo 32 da LO 2/2012 é a seguinte:*
*No Art. 1, apartado 9 do Anteproxecto de LO de control de débeda comercial modifícase o artigo 32 da LO 2/2012, que quedaría redactado nos seguintes termos:*
*"Artículo 32. Destino del superávit presupuestario.*

4. *En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit, a destinar a la reducción de deuda.*
5. *En el caso de la Seguridad Social, el superávit se aplicará prioritariamente al Fondo de Reserva, con la finalidad de atender a las necesidades futuras del sistema.*
6. *A efectos de lo previsto en este artículo se entiende por superávit la capacidad de financiación según el sistema europeo de cuentas y por endeudamiento la deuda pública a efectos del procedimiento de déficit excesivo tal y como se define en la normativa europea"*

*Ademais, no artigo primeiro, apartado doce, do Anteproxecto de Lei Orgánica de control de débeda comercial no sector público, recóllese unha nova disposición adicional na LO 2/2012, de 27 de abril, que sería a sexta co seguinte texto:*
*"Disposición adicional sexta. Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario.*

3. *Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurran estas dos circunstancias:*
   *a)Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las haciendas locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.*
   *b) Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el erfectos de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.*
4. *En los años 2013 y 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:*
   *a)Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta "Acreedores por obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto", o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y*

C.I.F.: P-1503600-G

*presupuestaria que resulta de aplicacación.*
*b) en el caso de que, atendidas las obligaciones citadas en la letra a) anterior, el importe señalado en el apartado a) anterior se mantuviese con signo positivo y la Corporación Local optase a la aplicación de lo dispuesto en la letra c) siguiente, se deberá destinar, como mínimo, el porcentaje de este saldo para amortizar las operaciones de endeudamiento que estén vigentes que sea necesario para que la corporación local no incurra en déficit en términos de contabilidad nacional en cado uno de los citados años 2013 y 2014.*
*c) Si cumplido lo previsto en las letras a) y b) anteriores la Corporación Local tuviera un saldo positivo del importe señalado en el apartado a), éste se podrá destinar a financiar inversiones siempre que a lo largo de la vida útil de la inversión ésta sea financieramente sostenible. A estos efectos la ley determinará tanto los requisitos formales como los parámetros que permitan calificar una inversión como financieramentes sostenible.*
*En 2014, para aplicar lo previsto en el párrafo anterior, además será necesario que el periodo medio de pago a los proveedores de la Corporación Local, de acuerdo con los datos publicados, no supere el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad.*
*(…)"*

*Polo tanto, para a aplicación tanto en 2013 como 2014 da medida contida na Disposición Adicional Sexta antes citada, as entidades locales deben de cumplir os seguintes requisitos:*

- *Non superar os límites de endebedamento fixados pola lexislación das facendas locais (art. 51 a 53 TRLRFL).*
- *Liquidar no exercicio inmediato anterior:*
  *-con capacidade de financiación en termos consolidados segundo criterios do SEC e, simultáneamente*
  *-con remanente de tesourería positivo para gastos xerais.*

*Ós efectos de aplicar os requisitos anteriores ó Concello de Fene e así poder concluir se neste exercicio 2013, podería empregarse o superávit nos termos previstos nesta disposición adicional , cómpre informar o seguinte:*

- *No ano 2013 non se superarían os límites de endebedamento fixados nos artigos 51 e 53 do RDL 2/2004.*
- *Da liquidación do exercicio 2012 resulta que:*
  - *A capacidade de financiación ( en termos SEC) é de 1232737,09 €, o que supón un % de superávit de financiación sobre os ingresos non financieiros axustados do 10,93 %.*
  - *O remanente de tesourería para gastos xerais é positivo en 232.654,63 euros.*

*Polo tanto, unha vez que entre en vigor a modificación do artigo 32 da LO 2/2012, deberase empregar o RTGX a financiar, en primeiro termo, os gastos comprometidos de exercicios anteriores que neste momento se están a financiar a través deste expediente.*

*Se con carácter previo á publicación do RDLei 8/2013 estivese xa vixente a modificación do artigo 32 LO 2/2012, o Concello de Fene debería aplicar o Remanente de Tesourería a financiar os gastos comprometidos de exercicios anteriores pendentes de aplicar ó orzamento, esto é, os gastos que son obxeto deste procedemento.*

*Considerando que esta circunstancia non concurre neste momento, así como a obrigatoriedade do RDLei 8/2013 ( coas observacións manifestadas por esta Intervención en relación co seu ámbito de aplicación obxetivo) así como a existencia de liquidez suficiente para poder facer fronte a estas obrigas, pese a que formalmente non se daría cumprimento ó requisito do art. 36.1 c) RD500/1990, esta circunstancia parcialmente verase solventada polo feito de que unha vez entre en vigor a modificación do artigo 32 da LO 2/2013, e co fin de garantir o cumprimento da Disposición adicional sexta da citada norma, deberase a tramitar un novo expediente modificativo de crédito financiado co remanente liquido de tesourería para gastos xerais que "repoña crédito" nas aplicacións orzamentarias obxeto de baixa no presente expediente por un importe equivalente ó da presente modificación.*

*Non obstante o anterior, por parte da que suscribe, e sen perxuizo das consideracións realizadas anteriormente respecto á presente modificación, **estima IMPRESCINDIBLE A APROBACIÓN NO PRESENTE EXERCICIO DO ORZAMENTO CO FIN DE PODER GARANTIR DESTE XEITO A SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER TODAS AS OBRIGAS COMPROMETIDAS DA CORPORACIÓN**. Noutro caso, produciríanse unhas importantes e negativas consecuencias*

C.I.F.: P-1503600-G

*orzamentarias, todo elo sen perxuizo das responsabilidades que ,de todo orden, poideran derivarse de conformidade co disposto no TRLRFL."*

**Sexto.-** Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto1619/2012 , polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Non obstante o anterior, e coas limitacións temporales que impiden á Intervención realizar un exame mais exhaustivo de todas e cada unha das facturas é polo que as presentes consideracións poderían ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.
**Sétimo.-** As facturas/documentos sustitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO/12, prorrogado, o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

**Octavo.-** Na providencia da Alcaldía xustifícase a urxencia da proposta de pagamento antes do 19 de xullo polas disposicións contidas no RDLey 8/2013, de 28 de xuño, que impón as entidades locales que teñan pendentes de pagamento obrigas que sexan vencidas, líquidas e esixibles anteriores a 31 de maio a obriga de remitir información sobre as mesmas antes do 19 de xullo.
Efectivamente, este RDLei habilita un mecanismo excepcional de financiación ás entidades locales para o pago ós proveedores de xeito rápido e eficiente, mecanismo que ten carácter obrigatorio para a entidade local e que supón, no seu caso, unha operación de endebedamento a longo prazo así como a obriga por parte dos entes locales de elaborar e aprobar un plan de axuste que garanta, en definitiva a sostenibilidade financieira da operación.
Tal e como se advertiu, este RDLei impón unha obriga de suministrar por parte das entidades locales información das obrigas pendentes de pagamento que cumpran os requisitos ós que se fixo referencia antes do 19 de xullo. Tal e como se indica na providencia e logo na proposta da Alcaldía, son as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que motivan a aprobación deste real decreto lei as que a Alcaldía considera que se reproducen no caso do noso concello e, polo tanto, circunstancias concurrentes que xustifican a tramitación do expedientes modificativo de crédito a través do procedemento excepcional a que fai referencia o artigo 177.6 TRLRFL, procedemento que implica que os acordos de aprobación inicial son inmediatamente executivos e dende ese momento, pode aplicarse o gasto ó orzamento do exercicio.
Efectivamente, a aprobación destes expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito cuxa aprobación vai condicionada á aprobación definitiva do expediente de crédito extaordinario nº 1/13, implica dende o punto de vista contable a aplicación deste gasto ó órzamento dende a mesma data da aprobación inicial dos expedientes modificativos, con independencia da tramitación posterior necesaria a que fai referencia o TRLRFL. Esto provoca que de ser aprobado nos termos da proposta da ALcaldía, si efectivamente o pago das débedas se efectúa antes do 19 de xullo, estas obrigas non se incluirían dentro do certificado a que fai referencia o artigo 16 do RDLei 8/2013. Non obstante o anterior, cómpre advertir que para o suposto de que finalmente os expedientes modificativos de crédito ós que se fixo referencia non foran aprobados definitivamente, as obrigas quedarían aprobadas sen crédito orzamentario coas consecuencias que dende o punto de vista orzamentario poideran derivarse.
Advertir igualmente que, para o caso de que finalmente non puidera materializarse o pagamento destas obrigas antes do 19 de xullo, esto implicaría que estos gastos sí se incluirían dentro do certificado de Ïntervención a que anteriormente se fixo referencia, coas conseguintes consecuencias que de elo pode derivarse para a tutela financieira do concello, nos termos a que fai referencia o RDLei 8/2013.

**Noveno.-** En relación coas facturas de Unión Fenosa Comercial, SL advírtese que aínda cando as mesmas foron emitidas por esta empresa, cómpre indicar que nos documentos contables figura como endosatario Gas Natural Servicios, SDG, SA toda vez que esta empresa comunicou ó Concello que a mesma pasou a ser a suministradora de enerxía dende o 01/06/2013 como consecuencia da operación de escición total levada cabo pola sociedade Unión Fenosa Comercial, SL que dende a data indicada deixou de existir.

**CONCLUSIÓN.-**

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñocemento extraxudicial nº 4/2013 e 5/2013 é de <u>reparo sen efectos suspensivos en relación coas facturas a que se fai referencia e polos motivos expostos no apartado de observacións e de conformidade en relación coas restantes facturas</u> .

C.I.F.: P-1503600-G

Reitérase novamente, a <u>necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.</u>

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, <u>deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.</u>
Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido no artigo 60 do TRRL dispone que:

*"Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder."*

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

*"1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad*

*civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.*

*2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros*

*de las mismas que los hubieran votado favorablemente.*

- *Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembro cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella."*

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

*"Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado,*

*para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella."*

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 176 a 182 da LXO; no artigo 176 da citada Lei establécese que:

*"Las autoridades y demás personal al servicio de las entidades contempladas en el artículo 2 de esta ley que por dolo o culpa graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta ley, estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública Estatal o, en su caso, a la respectiva entidad los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder."*

* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ós exercicios 2009, 2010 e 2011 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real.

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos proveedores.

C.I.F.: P-1503600-G

C.I.F.: P-1503600-G

**OBSERVACIONS**
**- Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos (debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo) as seguintes facturas:**
1/Factura de Juan A. Sánchez Morate-Bolaños por importe de 2224 € en concepto de servicios de mantemento informático do mes de decembro.
2/Facturas de Servicios Deportivos de Galicia, SL por importes de 5296.14, 8119.64; 4320.08; 2521.57; 3231.09; 262.81; 262.81; 599.59; 638.88 € en concepto de servicios de socorrismo acuático, escolas deportivas e culturais, decembro.
3/Factura de Vodafone España, SAU por importe de 177.27 € en concepto de servicios de aluguer de router e adsl, decembro.
4/Facturas de Utramic, SL por importe de 519.6 e 3346.86 € en concepto de servicios de recollida de papel e voluminosos do mes de decembro.
5/Facturas de Cide Energia, SA por importe de 134.15; 85.71; 121.21; 218.90 euros en concepto de suministro de energía eléctrica de alumeado público.
6/Factura de Ofinolta, SL por importe de 502.59 € en concepto de mantemento de fotocopiadoras do mes de decembro.
7/Factura de Maquinaria Agrícola del Noroeste por importe de 397,85 € en concepto de servicios de reparación de vehículo municipal.
8/Factura de Iniciativas Medioambientales de Galicia, SL por importe de 968 € en concepto de servicios de lacería do mes de decembro.
9/Factura de Sugema, SL por importe de 285.56 € en concepto de servicios de limpeza de sanitarios do paseo marítimo San Valentín.
10/Factura de Eulen, SA por importe de 2843.50 € en concepto de servicios de mantemento do campo de fútbol, decembro.
11/Facturas de Cofersa por importes de 202.87; 191.87; 226.95; 213.04 € en concepto de servicios de revisión de extintores de diversas dependencias municipais.
12/Factura de Vodafone España, SAU por importe de 1580.26 € en concepto de servicios telefónicos móviles do mes de decembro.
13/Factura de Telefónica Móviles, SAU por importe de 482.15 € en concepto de servicios teléfonos fixos mes de decembro.
14/Factura de Umivale Prevención, SL por importe de 3967.07 euros en concepto de servicios de recoñecementos médicos.
15/Facturas de Gas Natural Servicios, SDG por importes de 1093.04; 160.14; 1745.23; 6645.77; 1750.65 € en concepto de suministro de gas para diversas dependencias municipais, mes de decembro.
16/Facturas de Area de Servicio Vilar do Colo, SL por importes de 173.86; 523.45; 74.58; 208.82; 78.74; 35.57; 61.09; 64.64;M 72.94; 538.32; 56.72; 143.48; 117.96; 37.45; 98.51; 216.21; 251.01; 194.37; 188.42; 57.15; 38.76; 112.26; 220.66; 966.08; 57.8; 31.85; 193.10; 164.95; 26.83; 19.69 € en concepto de suministro de combustible para vehículos /maquinaria municipal.
16/Facturas de Unión Fenosa Comercial, SL por importes de 1801.97; 1013.84; 8561.37; 119.85; 996.7; 1337.20; 533.6; 2607.92; 170.33; 77.26; 842.14;441.98; 453.18; 1164.90; 2098.31; 1117; 73.07; 2146.83; 2670.75; 2209.22; 288.58; 107.25; 88.20; 1222.04; 339.9; 385.16; 264.45; 996.55; 490.91; 700.87; 1597.47; 13.65; 107.34; 181.29; 1354.83; 594.10; 3345.34 € en concepto de suministro de enerxía eléctrica.
17/Facturas de Gas Natural Sur, SDG, SA por importe de 33.73; 562.48; 343.19; 65.45; 388.42; 480.11; 88.09; 114.08; 226.83; 99.33; 224.3;177.36; 220.38; 62.51; 157.37; 10.37; 826.24; 256.81;38.21; 18.72; 98.57; 393.24; 197.47; 12.88; 12.43; 141.11; 26.65; 157.18; 14.28; 61.53; 16.65; 27.55; 28.32; 30.83;97.3;255.9; 108.31; 82.32; 28.91; 43.28; 5.11; 29.26; 30.73; 11.4; 81.45; 92.75; 84.39; 18.67; 50.89; 134.68; 19.28; 56.93; 442.45; 597.41; 21.22;49.56; 178.72; 71.7; 365.27; 33.08; 19.54; 21.39; 76.27; 18.12; 240.58; 27.65; 12.91; 282.77; 47; 50.9; 70.81; 294.20; 26.85; 44.25; 32.43; 45.27; 11.6; 75.37; 96.29; 87.78; 47.78; 38.38; 59.59; 137.57; 7.22; 204.83; 33.5; 19.46; 65.25; 560.99; 80.91; 32.49; 214.05; 75.13; 22.34; 6.89; 45.29; 191.35;133.65; 85.67; 139.51; 210.18; 229.74; 74.43; 333.36; 483.02; 53.43; 413.85; 143.35; 7.3; 344.73; 282.43; 202.74;136.11; 33.17; 232.51; 42.92; 140.06; 95.19; 80.01 euros en concepto de suministro de enerxía eléctrica, decembro.
18/Facturas de Rodríguez Rodríguez Torres por importes de 266.20; 266.20; 266.20; 266.20 € en concepto de servicios de asesoramento xurídico servicios sociais, meses de setembro, outubro, novembro, decembro.
19/Factura de Vodafone España, SAU por importe de 1525.83 € en concepto de servicios de telefonía móvil, mes de maio.

20/Facturas de Gas Natural Sur, SDG, SA por importes de 45.69; 58.22; 138.25; 686.67;80.66; 67.20; 275.58; 325.14; 52.88; 658.45; 2378.09; 72.77; 6.93; 11.05; 148.53 euros en concepto de suministro de enerxía eléctrica exercicio 2009.
21/Facturas de Unión Fenosa Comercial, SL por importes de: 1451.04; 1152.9; 1152.8; 905.73; 1260.66; 642.78; 889.11; 769.38; 759.6; 777.18; 703.61; 409.96; 735.82; 1009.49; 1741.57; 1133.04; 2806.26; 760.73; 58.54; 72.16;943.81; 296.27; 899.37; 665.54; 1793.16; 953.41; 249.53; 267.03; 2025.41; 637.71; 471.59; 905.46; 615.32; 532.97; 178.01; 241.37; 1401.57; 1292.38; 959.98; 72.84; 71.84; 1403.02; 1020; 4424.98; 1343.06; 61.54; 939.69; 200.31; 869.6; 79.12 € en concepto de suministro de enerxía eléctrica exercicios 2010 e 2011.
22/Factura de Zonas Verdes Anibal Soto por importes de 11993.52 e 1452€ en concepto de servicios de recollida de lixo e limpeza viaria festivos mes de decembro 2012 e obras de mantemento en prazas e vías públicas..

No caso das facturas dos apartados 1 a 22 reitéranse as observacións realizadas por esta Intervención ( que motivaron a emisión de informes de reparo suspensivo) en anteriores informes de fiscalización en atención á non consideración destes contratos como menores ó abeiro do TRLCSP así como a prohibición xeral de proceder á contratación verbal prevista no TRLCSP. Neste caso, os expedientes están formados únicamente polos facturas debidamente conformadas.
Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.
De todo o anterior, pode **concluirse que**:

- **O concello procedeu á contratación verbal das servicios, suministros** contratación que se atopa prohibida polo LCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Fene, a 11 de xullo de 2013
A Interventora
Asdo. Marta Roca Naveira"

C.I.F.: P-1503600-G

Logo de ver que o RD Ley 8/2013, de 28 de xullo ten como obxetivo conseguir que a Administración local pague ós seus proveedores saneando deste xeito a débeda comercial acumulada.

Logo de ver a motivación contida na exposición de motivos do RD lei citado, e logo de ver que o Concello dispón neste momento de fontes de financiación e liquidez na tesourería para facer fronte ó pago dos proveedores do Concello tiñan obrigas pendentes de pagamento vencidas, líquidas e esixibles anteriores ó 31/05/2013.

Logo de ver que a información a suministrar ó Ministerio de Facenda e AAPP respecto ás obrigas pendentes de pagamento a este tipo de proveedores debe realizarse improrrogablemente antes do 19 de xullo, prazo que obriga neste momento ó Concello a dar unha solución rápida e eficaz similar á pretendida polo RD Ley 8/2013,28 de xuño evitando deste xeito a necesidade de acudir, no seu caso, a unha operación de endebedamento a longo prazo que repercutiría negativamente na economía municipal ó tratarse dunha operación innecesaria polo cumprimento dos requisitos previstos na modificación do artigo 32 da LO 2/2012, e 27 de abril para poder empregar, unha vez que entre en vigor dita modificación, o Remanente Líquido de tesourería que deberá destinarse, en primeiro termo, á financiación das obrigas que a 31/12/2012 quedaron pendentes de aplicar ó orzamento ben pola inexistencia de crédito nese orzamento, ben pola presentación no presente exercicio de facturas que correspondían a exercicios anteriores.

Considerando que simultáneamente ó presente expediente se somete a aprobación dun expediente modificativo de crédito na modalidade de crédito extraordinario que habilita o crédito "ponte" necesario para dar cobertura orzamentaria a este recoñecemento extraxudicial de crédito, expediente cuxa tramitación se realiza través do procedemento excepcional que habilita o artigo 177.6 TRLRFL de modo que unha vez aprobados incialmente os acordos son inmediatamente executivos polo que a partir dese momento poderá aplicarse o gasto ó orzamento.

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente , polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de *"recoñecemento extraxudicial de crédito"* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecimento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a sustituir ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecimento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2012, prorrogado non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de facturas dos exercicios anteriores e sen crédito a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Vista a declaración efectuada polo Alcalde-Presidente, D. Gumersindo Galego Feal, no anverso da factura manifestando o pago anticipado da mesma.

Visto que o dia 29/11/2012, o Sr. Alcalde realizou o gasto anticipándose ó procedemento legalmente establecido.

C.I.F.: P-1503600-G

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de FAcenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 5/13 por un importe total de 55,80 €, condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario nº 1/2013 e entrada en vigor da citada modificación orzamentaria.

2º A conseguinte aprobación, da factura con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

| Nº Fact | NºReg. | Proveedor y Concepto | Partida | Base | IVA | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1/10 | 1263 | O RECUNCHO DOS MANOLOS, S.L.<br>GASTOS PROTOCOLARIOS INVITACIONS PROFESORES | 2013.0.912.0.22690 | 50,73 € | 5,07 € | 55,80 € |

3º.Ordenar á Tesourería municipal que proceda ó seu pagamento antes do 19 de xullo.

En Fene, a 11 de xullo de 2013
O ALCALDE

Asdo. Gumersindo P. Galego Feal"

Toma a palabra o concelleiro de facenda, don Juan José Franco Casal, para dicir que con este acordo remataríase o pago a proveedores, pagándose, de aprobarse, todo o pendiente a 31 de maio.

**Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 9 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 3 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 5/13 por un importe total de 55,80 €, condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario nº 1/2013 e entrada en vigor da citada modificación orzamentaria.**

**2º A conseguinte aprobación, da factura con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:**

| Nº Fact | NºReg. | Proveedor y Concepto | Partida | Base | IVA | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1/10 | 1263 | O RECUNCHO DOS MANOLOS, S.L. GASTOS PROTOCOLARIOS INVITACIONS PROFESORES | 2013.0.912.0.22690 | 50,73 € | 5,07 € | 55,80 € |

**3º.Ordenar á Tesourería municipal que proceda ó seu pagamento antes do 19 de xullo.**

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 8:50 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal

A secretaria

Estefanía Manteiga Lamas

C.I.F.: P-1503600-G